



Salvaterra de Miño, 6 de febreiro de 2024.

Queridas familias:

Esta comunicación é para, unha vez celebrada a reunión de inglés e recibidos os vosos comentarios, falamos co profesor e definimos a seguinte información para os interesados sobre a actividade extraescolar de lingua inglesa, que se apraza para o vindeiro curso, pero con preinscrición ao final do presente.

-Escola de idiomas de Ponteareas “Kids Club English School”

-Contacto: Elena Espiñeira. 622 31 13 04

-kidsclubponteareas@gmail.com

Información da actividade para o curso 24-25, a partir de setembro:

Lugar: local céntrico no casco urbano de Salvaterra, por definir.

Hora estimada: A definir entre as 18:00 e as 20:30 horas.

Días estimados da semana: martes / xoves.

Prazas por clase: 4 alumnos mínimo e 8 máximo por clase.

Horario de clase: 2 horas semanais. (a definir se unha hora 2 veces á semana ou 1 día 2 horas, segundo preinscrición)

Nivel de clases: 2 Niveis de clases. Para o nivel A2 e para o nivel B1.

Proba de nivel: a principios de setembro coordinarase unha proba de nivel de inglés para definir o nivel das clases a asistir (A2 ou B1).

Celebrarase un mércores entre as 15:00 e as 16:00 horas. Obxectivo das clases: Preparación para o exame de Cambridge que outorga o nivel. A2 ou B1.

Custo mensual: nivel A2: 57 euros. Nivel B1: 62 euros.

Infórmase ás familias de que o seu nivel de progreso e compromiso dependerá do alumno, pero estímase que un ano de clases podería ser suficiente para presentar o nivel A2, e dous anos para presentar o nivel Cambridge B1. A realización da proba é opcional e custa aprox. de 140 euros, este será xestionado pola escola sendo un centro oficial de preparación. A importancia de ter un certificado de nivel de inglés é que actualmente se está solicitando nalgúns traballos e nalgúns estudos, xa non abonda con dicir que tes un nivel, se non, demostralo cun certificado. A ANPA está a levar a

cabo esta coordinación para levar o apoio extraescolar ao inglés a Salvaterra porque actualmente aquí non hai unha academia de inglés e hai que desprazarse a Pontearreas.

No momento da inscrición, toda comunicación será directamente coa escola de inglés, indicada ao comezo da información. Tamén podes contactar connosco directamente para calquera dúbida adicional. Esta comunicación é informativa. Para formalizar horarios, lugar, etc., esta información darase na reunión de pais o día 28 de maio. E tamén se enviará deste xeito.

Un cordial saúdo para todos

Equipo ANPA